



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2010 10:22
Nº Rexistro: 19381
Data envío: 19/01/2010 10:22:01.362

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ás previsións de mellora da subministración eléctrica no barrio da Cardaña, en Vilaboa.

Hai xa meses que veciñas e veciños do barrio da Cardaña, en Vilaboa, están a sufrir as consecuencias das deficiencias na subministración de enerxía eléctrica. Os cortes de luz son continuos, mesmo sen existiren inclemencias metereolóxicas que o xustificuen. Só no presente ano 2010, producíronse cando menos tres apagóns de máis dunha hora de duración: a primeira semana de xaneiro, e os días 10 e 11 do mesmo mes. Ademais dos lóxicos incómodos derivados desta situación, corren risco aparellos electrodomésticos e informáticos, mesmo alimentos perecedoiros almacenados en instalacións frigoríficas. Non é de recibo esta situación ben entrado o século XXI.

Operarios da empresa subministradora –Unión Fenosa- teñen confesado que a orixe do problema e dos reiterados cortes de luz ten a ver coa falta de capacidade do transformador eléctrico para soportar a potencia existente na actualidade. Mentres non se produza esa solución estrutural (cambio de transformador por un de maior



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2010 10:22
Nº Rexistro: 19381
Data envío: 19/01/2010 10:22:01.362

potencia), veciñas e veciños da Cardaña van ter que seguir soportando problemas como os denunciados.

A Consellaría de Economía e Industria ten a obriga de garantir que a empresa subministradora sexa quen de asegurar a subministración de enerxía eléctrica para consumo doméstico nuns parámetros dignos. Non se poden volver repetir situacións que lembran o que acontecía hai 40 anos. A poboación que paga este servizo non o merece, e o Goberno, neste caso a Consellaría de Economía e Industria, ten a obriga legal de evitalo.

Estas son as razón que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.^a) Que información posúe a Consellaría de Economía e Industria sobre os continuos cortes de luz que sofre o barrio da Cardaña, en Vilaboa?
- 2.^a) Cantos cortes de luz, en que data, e con que duración en cada caso, se produciron na Cardaña, desde o 1 de Setembro de 2009 até o día de hoxe?
- 3.^a) Que medidas concretas se adoptarán para resolver este problema?
- 4.^a) Tense previsto, especificamente, a substitución do actual transformador por outro que sexa quen de soportar maior potencia?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2010 10:22
Nº Rexistro: 19381
Data envío: 19/01/2010 10:22:01.362

5.^a) En caso positivo, en que data se resolverá de xeito definitivo este problema?

6.^a) Articularanse compensacións económicas no caso de se confirmaren danos ocasionados polos cortes de subministración eléctrica?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez,

Deputado do GP do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 19/01/2010 10:20:54